

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese no Pazo provincial ás 10:25 h do día 24 de xullo de 2025, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME**, **D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ**, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA**, **D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, **D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ**, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA**, **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN**, **D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ**, en substitución de **D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ**, **D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ**, **D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ**, **D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN**, **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 20 de xuño de 2025.

2.- DAR CONTA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓNS SEN FINS DE LUCRO PARA O ANO 2025 (Expte. 2025004265)

O presidente dá conta das bases que recollen o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 130, de 9 de xullo de 2025. As escolas que opten ás axudas deben estar inscritas no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia e ter domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

As bases convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3260.489.09, por un importe total de cento vinte mil euros (120.000,00 €). O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte á súa publicación no BOPPO e BDNS e remata o 30 de setembro do presente ano. O prazo para a presentación das xustificacións remata o 31 de xaneiro de 2026.

3.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DAS XORNADAS INTERNACIONAIS DE ESTUDOS TRANSATLÁNTICOS “FACEDORAS DE CULTURA”, CELEBRADAS DO 8 AO 10 DE XULLO DE 2025 NO MUSEO DE PONTEVEDRA, COA COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, A TRAVÉS DO MUSEO, E O INSTITUTO DE HISTORIA DO CSIC (Expte. 2025046328)

O presidente dá conta da organización das Xornadas Internacionais de Estudos Trasatlánticos “Facedoras de Cultura”, coa colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o



Instituto de Historia do CSIC, celebradas do 8 ao 10 de xullo de 2025 no edificio Castelao do Museo de Pontevedra. Durante as actividades realizadas durante as xornadas e dende unha perspectiva ampla, abordouse o papel fundamental que as mulleres desenvolveron nas relacións culturais producidas entre España e o continente americano ao longo do século XX.

Asistiron un total de 131 persoas e os gastos totais ascenderon a dezasete mil trescentos euros (17.300,00 €), dos cales dez mil cen euros (10.100,00 €) foron asumidos polo Museo de Pontevedra.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 10:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

